

RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convocan licenzas por formación para o curso académico 2024/25 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión.

A función docente constitúe un factor esencial da calidade da educación e, para o seu adecuado desenvolvemento, a formación do profesorado é unha peza clave. Por outra banda, a función docente experimentou unha notable transformación nos últimos anos, transformación que vai parella aos novos retos que ten que afrontar o sistema educativo. Neste contexto, a oferta formativa debe, por unha banda, coordinarse cos grandes obxectivos e programas da política educativa e, por outra, facer que o profesorado participe, permitíndolle implicarse de forma activa na mellora das súas competencias, de xeito que se fomente a creatividade, a capacidade de innovación e, en resumo, que agrome o talento existente.

Neste sentido, os cambios derivados do desenvolvemento do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (en diante, LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, tratan de que a formación permanente responda, tanto nas súas estruturas como nos seus plans e nas accións concretas, a unha vocación de apoio constante na mellora da función docente do profesorado galego.

No marco normativo estatal, a LOE dedica o seu título III a salientar o protagonismo que debe adquirir o profesorado no sistema educativo actual, cunha atención prioritaria á súa formación inicial e permanente. Esta lei establece, no seu artigo 102, que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros, coa finalidade, entre outras, de prever a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas. Por outra parte, o artigo 105, de



medidas para o profesorado de centros públicos, dispón na alínea 2.d) que a Administración educativa disporá o desenvolvemento de licenzas retribuídas, de acordo coas condicións e requisitos que se establezan, coa finalidade de estimular a realización de actividades de formación e de investigación e innovación educativas que revertan en beneficio directo do propio sistema educativo.

Ademais da formación anual programada e desenvolvida polas estruturas de formación a través de actividades individuais e de centro para o profesorado, é conveniente ofertar unha modalidade formativa máis longa nun contexto de implicación activa do profesorado no seu deseño e de acordo coas principais liñas de traballo marcadas para o sistema educativo. Neste sentido, as novas tecnoloxías acadan unha importante presenza e gozan de gran proxección no eido docente, polo que a Administración pretende facer partícipe ao profesorado na realización de proxectos de investigación elaborando materiais didácticos, que lles permita afondar nesta vertente do seu labor profesional e, ao mesmo tempo, que proporcionen o seu coñecemento e experiencia ao conxunto da comunidade educativa no deseño de actividades de ensino e aprendizaxe para as distintas modalidades de formación.

A incorporación de competencias de sectores produtivos emerxentes no currículo dos cursos de especialización de formación profesional (en diante, FP), xunto á súa alta especialización, fai preciso manter nesta convocatoria unha modalidade de formación que dea resposta á formación do profesorado de FP.

Por outra banda, na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia incídese no necesario fomento da creación e adaptación de recursos educativos abertos de calidade. A entrada en vigor dos novos currículos e a implantación do Plan Dixital nos centros educativos no curso 2022/23 reforzan a necesidade dos citados recursos educativos dixitais, así como recursos formativos para o desenvolvemento da competencia dixital docente.

Neste contexto créase o Centro de Innovación Educativa e Dixital (en diante, CIEDix), ao abeiro do Decreto 204/2022, do 24 de novembro, no, que seguindo as recomendacións



do Consello da Unión Europea (relativas a un marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación con miras ao EEE e máis alá, *Área prioritaria n.º 5*) fundamentan a necesidade de ofertar, dentro do marco das licenzas por formación, estadias formativas coa fin de ofrecer equipos e infraestruturas dixitais ao profesorado de Galicia, que sirvan para a experimentación e creación de recursos educativos abertos, dixitais e innovadores que, unha vez valorados e avaliados, poidan ser postos en práctica no sistema educativo coa fin de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Por último, a recente incorporación de cursos de ensino semipresencial nas escolas oficiais de idiomas e a crecente demanda de formación nesta modalidade fan necesaria unha oferta maior e máis variada de linguas e niveis, o que fundamenta a proposta de licenzas de formación para a elaboración destes cursos.

Polo anteriormente exposto, de conformidade coas competencias atribuídas polo Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería),

RESOLVO:

Primeiro. *Obxecto e persoas destinatarias*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer e regular as licenzas de formación retribuídas e non retribuídas, así como establecer as bases reguladoras polas que se rexerán tanto a súa convocatoria como a execución das mesmas durante o curso académico 2024/25.
2. As licenzas establecidas nesta resolución diríxense ao persoal docente que pertence aos corpos que imparten as ensinanzas establecidas na LOE, destinado este ano en centros educativos públicos dependentes da Consellería.
3. Nas modalidades individuais, aplicarase a seguinte orde de prelación:



a) Persoal docente funcionario de carreira que non gozou de licenza por formación nas dúas últimas convocatorias (2021/22 e 2023/24).

b) Persoal docente funcionario de carreira que gozou de licenza por formación nas dúas última convocatorias (2021/22 e 2023/24).

c) Persoal docente interino.

4. Nas modalidades de grupo, que con carácter xeral estarán conformados por persoal funcionario de carreira ou con non máis do 50% dos seus compoñentes persoal docente interino, aplicarase a seguinte orde de prelación:

1º.- Todos eles sen licenza nas dúas últimas convocatorias (2021/22 e 2023/24).

2º.- Algún sen licenza nas dúas últimas convocatorias (2021/22 e 2023/24).

3º.- Todos eles con licenza nas dúas últimas convocatorias (2021/22 e 2023/24).

5. A distribución da duración das licenzas por modalidades, expresada en meses, é a que se recolle no anexo I desta resolución.

Segundo. *Modalidades de licenzas por formación*

1. As licenzas por formación poden ter carácter retribuído ou non retribuído.

2. Licenzas retribuídas:

Tendo en conta que os obxectos dixitais educativos (en diante, ODE), as secuencias de aprendizaxe, os materiais curriculares dixitais para as ensinanzas de FP e os materiais para a impartición dos cursos da modalidade semipresencial en réxime oficial nas escolas oficiais de idiomas elaborados ao abeiro desta convocatoria deberán ter unha calidade que permita unha aplicación directa na aula, ou as accións formativas ás que van dirixidos, e ser coherentes coas áreas, materias ou módulos obxecto dos traballos, poderán solicitarse licenzas por formación para as catro seguintes modalidades:



Modalidade 1. *Proxectos para a elaboración ou actualización de materiais curriculares dixitais para o segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, ESO, bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.*

Esta modalidade terá as seguintes submodalidades:

- **Submodalidade 1.a.** Proxectos individuais.

A duración das licenzas desta modalidade será de tres meses para a elaboración de materiais curriculares dixitais, e dun mes para a súa actualización.

Submodalidade 1.a.1. Todos os corpos, especialidades, etapas e temáticas, agás especificados nas modalidades 1.a.2 e 1.a.3

Submodalidade 1.a.2. Materiais curriculares dixitais para o seu uso na impartición de módulos profesionais de FP adaptados á estrutura dos cursos da plataforma de FP a distancia da Consellería, seguindo o formato e as instrucións que especifique o Servizo de Programación da Formación Profesional. Deberán elaborarse materiais para unidades didácticas completas dun módulo profesional.

Como orientación dos materiais de FP que se van realizar, poderase consultar un exemplo no Banco de recursos de FP:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/bancorecursosfp/aulavirtual>

No caso das ensinanzas de FP a suma da duración das unidades didácticas completas elaboradas será dun mínimo de 10 horas por mes de duración da licenza por formación por cada participante.

Submodalidade 1.a.3. Elaboración de materiais en estadias de experimentación e creación no CIEDix. Ten por obxecto ofrecer ao profesorado a oportunidade de testar e experimentar con recursos tecnolóxicos e audiovisuais novidosos para desenvolver secuencias didácticas empregando as ferramentas, materiais, dispositivos e produtos dos que dispón o centro, previa testaxe e investigación deles, baseadas nos métodos



indagadores e/ou de deseño e de acordo co formato e instrucións que especifique o CIEDix. Posteriormente, e unha vez revisadas e avaliadas, poderán ser incorporadas ao sistema educativo galego.

- **Submodalidade 1.b.** Proxectos de grupos de traballo de dous ou tres membros.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, de acordo co cronograma do proxecto aprobado. En calquera caso, o tempo total da licenza entre todos os membros do grupo non poderá superar os seis meses.

Submodalidade 1.b.1.: de xeito equivalente á modalidade individual, está dirixida á elaboración de materiais curriculares de todos os corpos, especialidades, etapas e temáticas, agás especificados nas modalidades 1.b.2 e 1.b.3.

Submodalidade 1.b.2.: de xeito equivalente á modalidade individual, está dirixida a grupos de traballo de dúas ou tres persoas para a elaboración de materiais curriculares dixitais para o seu uso na impartición de módulos profesionais de FP, tal e como se describen na submodalidade 1.a.2.

Submodalidade 1.b.3.: de xeito equivalente á modalidade individual, está dirixida á elaboración de materiais en estadías de experimentación e creación no CIEDix, tal e como se describen na modalidade 1.a.2 en grupos de traballo de dúas ou tres persoas.

Características dos materiais curriculares dixitais de modalidade 1:

- Deberán incluír medidas concretas tanto da atención á diversidade como de promoción da convivencia. Ademais, deberán integrar a perspectiva de xénero co fin de producir materiais curriculares plenamente coeducativos e empregarán unha linguaxe non sexista e inclusiva.
- Os materiais estarán elaborados preferentemente en lingua galega ou na lingua na que por normativa se imparta a materia.





- Agás nas ensinanzas de FP, valorarase preferentemente a creación de secuencias didácticas completas ou ODE.
- Cumprirán cos criterios de calidade da norma UNE 71362:2020 para materiais e recursos educativos dixitais, e deberán permitir a visualización en calquera tipo de dispositivo, incluídos os móbiles, e nos principais navegadores web (compatibles con HTML5).
- Cumprirán, no momento da súa publicación, a normativa recollida na disposición adicional quinta, punto 1 («Accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos») da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, modificada pola Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, en canto á accesibilidade das páxinas das administracións públicas en internet, e no Real decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público.
- Os recursos creados nas estadías no CIEDix deberán empregar a tecnoloxía posta ao dispor das persoas que gocen da licenza para esta modalidade.

A presentación do proxecto seguirá o esquema de contidos establecido no anexo IV.

As datas concretas nas que se desenvolverán as licenzas por formación recóllense no apartado noveno desta resolución.

As persoas que se acollan a esta modalidade deberán contar e acreditar a competencia suficiente no manexo das aplicacións e ferramentas que van utilizar para a elaboración dos materiais de maneira autónoma.

Modalidade 2. *Proxectos individuais ou en grupos de dous a tres membros para a creación ou a remodelación de cursos non presenciais para a formación do profesorado dentro do modelo competencial da Rede de formación e/ou do marco de referencia da competencia*



dixital docente, ou cursos semipresenciais para a impartición de diferentes niveis e linguas nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

Submodalidade 2a. Ten por obxecto a creación de cursos novos non presenciais de formación do profesorado, ou a remodelación dos xa existentes dentro do modelo competencial da Rede de formación (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/17543>) e/ou do MRCDD, que poderán impartirse na *Plataforma de Teleformación Galega* (Platega).

No portal educativo publicarase unha listaxe con suxestións para as temáticas de cursos novos ou para a súa remodelación. A presentación do proxecto realizarase segundo as instrucións proporcionadas polo departamento correspondente do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) que coordinará a creación ou remodelación do curso. O obxectivo desta modalidade, de ser o caso, é, ademais da creación ou a remodelación, a posterior pilotaxe e titorización dos cursos, segundo o compromiso recollido no anexo V e nas condicións normativas establecidas no desenvolvemento de actividades de formación permanente do profesorado. A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV.

Submodalidade 2b. Cursos semipresenciais en réxime oficial para diferentes niveis e linguas nas EEOOI, que se elaborarán en Platega e impartiranse en aulas virtuais de webs dinámicas. Neste caso, desenvolveranse materiais en Platega para un curso completo que deberá ser migrado a webs dinámicas (ambas as dúas plataformas Moodle) e que seguirá o formato e as instrucións que especifique o Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente. Deberán elaborarse materiais para un curso completo, segundo os niveis recollidos no Marco Común Europeo de Referencia das Linguas (en diante, MCERL), preferentemente de alemán (agás B1.1), francés (agás B1, B2.1, C1.1 e C1.2), galego (B1 e B2), italiano (agás C1.1) e portugués (A2 e B1).





As persoas que se acollan a esta modalidade deberán contar e acreditar a competencia suficiente no manexo das aplicacións e ferramentas que van utilizar para a elaboración dos materiais de maneira autónoma.

Tamén deberán ter superado con anterioridade ao prazo de licenza solicitado o curso 'Formación para a creación de cursos en Platega' sobre o deseño e creación de cursos na rede dentro do modelo competencial da Rede de formación. Alén diso, no caso da modalidade 2b, as persoas solicitantes deberán ter superado tamén a 'Formación e apoio aos cursos semipresenciais das EEOOI' con anterioridade ao prazo de licenza solicitado.

En caso de proxectos en grupo, na submodalidade 2a cando menos unha das persoas integrantes deberá cumprir este requisito, dúas persoas no caso da submodalidade 2b.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses para a creación individual dun curso novo, ou de ata seis se é en grupo; para a remodelación dun curso existente a duración máxima será de dous meses se a licenza é individual ou ata catro meses se é en grupo, sempre de acordo co cronograma do proxecto aprobado.

Modalidade 3. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais para os cursos de especialización das ensinanzas de FP.

Ten por obxecto a elaboración de materiais curriculares dixitais que desenvolvan actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación relativas a módulos profesionais de cursos de especialización das ensinanzas de FP, para o seu uso nas aulas virtuais da Consellería, seguindo o formato e as instrucións que especifique o Servizo de Programación da Formación Profesional. Deberán elaborarse materiais para unidades didácticas completas dun módulo profesional que se imparta nun curso de especialización.

A suma da duración das unidades didácticas completas elaboradas será dun mínimo de 10 horas por mes de duración da licenza, ou proporcionalmente a esta cantidade se a duración é inferior a un mes.



Está dirixida ao profesorado que se comprometa a impartir docencia nos módulos profesionais de cursos de especialización que se oferten no curso 2024/25.

A duración desta modalidade será de mes e medio, e desenvolverase entre o 15 de setembro e o 31 de outubro de 2024.

3. *Licenzas non retribuídas.*

Modalidade 4. Son licenzas non retribuídas aquelas que permiten durante un tempo determinado dedicarse a completar estudos de carácter académico que melloren a formación do profesorado ou a investigación en aspectos educativos. Poden concederse por períodos ininterrompidos de ata cinco meses (de setembro a xaneiro ou de febreiro a xuño) ou polo total do período de licenzas por formación, é dicir, do 1 de setembro de 2024 ao 30 de xuño de 2025.

Esta modalidade de licenza, de carácter individual, terá a finalidade referida nas seguintes modalidades:

Submodalidade 4.a. A realización de estudos de carácter académico conducentes á obtención de titulacións universitarias de grao ou equivalente, doutoramento ou máster universitario que, no caso dos corpos diferentes do corpo de mestres, deberá ser distinto do que acredite a formación pedagóxica e didáctica, de acordo co esixido polos artigos 94, 95 e 97 da LOE. Estes estudos estarán relacionados con áreas, ciclos ou especialidades do sistema educativo galego. O número de créditos a realizar deberá ser, como mínimo, o sinalado a continuación:

- Titulación de grao ou equivalente: 50 créditos para as licenzas de curso completo, (de setembro do 2024 a xuño de 2025) e 20 créditos para as licenzas dun dos períodos parciais (de setembro do 2024 a xaneiro de 2025 ou de febreiro a xuño de 2025).
- Programas de máster oficial ou doutoramento: 20 créditos para as licenzas de curso completo, (de setembro do 2024 a xuño de 2025) e 12 créditos para as



licenzas dun dos períodos parciais (de setembro de 2024 a xaneiro de 2025 ou de febreiro a xuño de 2025).

Submodalidade 4.b. Realizar proxectos ou actividades orixinais e inéditas, realizados de maneira individual, que teñan por obxecto investigacións que estean directamente relacionadas co traballo que realizan as persoas solicitantes ou que poidan resultar de interese para o sistema educativo galego.

Así, poderanse conceder as licenzas sen retribución económica ás persoas aspirantes que cumpran os requisitos xerais establecidos nesta convocatoria, agás os sinalados nos puntos 4 e 5 do artigo 3º, todo iso supeditado ás necesidades de servizo.

A licenza non modifica a situación administrativa da persoa beneficiaria, que continúa en situación de servizo activo.

As persoas beneficiarias das licenzas non retribuídas concedidas para o curso 2024/25 non terán dereito a retribución ningunha durante o período de disfrute da licenza.

Terceiro. *Requisitos das persoas candidatas*

1. As persoas candidatas a calquera das modalidades de licenza reguladas nesta resolución deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Persoal docente funcionario de carreira.

1º. Estaren en situación de servizo activo e prestando servizos ininterrompidos durante os cursos 2022/23 e 2023/24, e no 2024/25 seguiren tendo destino e exercendo docencia directa con alumnado en centros docentes educativos dependentes da Consellería.

2º. Non teren destino en comisión de servizos durante o curso 2024/25, agás o profesorado destinado en centros de ensinanza artística superior, o persoal das escolas oficiais de idiomas e o que estea a gozar dunha comisión de servizos por conciliación da vida familiar e laboral ou por motivos de saúde.



3º. Cando as persoas participantes fosen beneficiarias dunha licenza por formación nalgunha das tres últimas convocatorias, a obtención da cualificación de apto no traballo desenvolvido será condición indispensable para a obtención dunha licenza nesta convocatoria.

b) Persoal docente funcionario en prácticas: poderá solicitar unha licenza por formación en todo caso, pero non poderá gozar dela no período efectivo das prácticas.

c) Persoal docente interino: para estes efectos entenderase como profesorado interino unicamente aquelas persoas que teñan nomeamento como tal ata o remate do curso académico correspondente.

2. No caso de elaborar ou adaptar materiais nalgunha lingua estranxeira, deberase acreditar a competencia lingüística nesta lingua no nivel C1 do MCERL.

3. Na modalidade 3 o profesorado solicitante deberá impartir docencia nos módulos profesionais de cursos de especialización que se oferten no curso 2024/25.

4. O profesorado solicitante deberá contar e acreditar a competencia suficiente no manexo das aplicacións e ferramentas que van utilizar para a elaboración dos materiais de maneira autónoma para un traballo independente e autorregulado.

5. Obteren os mínimos previstos nesta convocatoria.

Cuarto. *Solicitudes e documentación*

1. As persoas solicitantes deberán cubrir de maneira obrigatoria a súa solicitude de participación, única e para unha soa modalidade, a través da aplicación Fprofe (<https://www.edu.xunta.gal/fprofe>). Nesta aplicación cubriranse e cargaranse, nun único arquivo (comprimido en zip se son varios arquivos), cun límite de 120 Mb, os seguintes datos:

a) Para todas as modalidades: proxecto de traballo segundo o contido do anexo IV.



b) Para a modalidade 1 (salvo para as ensinanzas de FP):

- Unha demostración do material a elaborar ou actualizar que constitúa un obxecto dixital educativo completo, elaborado coa/s ferramenta/s que utilizará segundo o seu proxecto, e que cumpra coas características técnicas indicadas nesta convocatoria. O material presentado deberá ser inédito e de autoría propia.

No caso de proxectos para a elaboración ou actualización de materiais curriculares dixitais para ciclos formativos de FP, requirirase o indicado no proxecto do anexo IV.

c) Para a modalidade 2:

- Unha maqueta do curso na plataforma dixital Platega, que inclúa a descrición de cada un dos módulos e o desenvolvemento completo dun deles con todos os seus compoñentes (obxectivos, contidos, espazos de comunicación e interacción e tarefas). Para a elaboración da maqueta na submodalidade 2a, as persoas solicitantes poñeranse en contacto co CAFI (cafi.tic@edu.xunta.gal), que lles facilitará un espazo en Platega co modelo e directrices que deben seguir. Para a elaboración da maqueta na submodalidade 2b a solicitude irá dirixida ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente (sereap@edu.xunta.gal). Para a achega da maqueta no proxecto bastará con incorporar nel a ligazón de Platega onde se aloxa.

d) Para a modalidade 3.

Un dos seguintes documentos:

- Certificación da dirección do centro educativo conforme a persoa solicitante ten asignada docencia nun ou varios módulos profesionais dun curso de especialización no curso 2024/25.



- Compromiso da persoa solicitante a impartir docencia nun ou varios módulos de cursos de especialización no curso 2024/25.

2. Unha vez finalizada a solicitude, a aplicación Fprofe xerará automaticamente o anexo II, que deberá enviarse á Consellería, Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar, no apartado 'Asunto relacionado', coa denominación 'Licenzas por formación', xunto coa seguinte documentación:

a) Modalidades individuais: acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se considere conveniente alegar. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no anexo III desta resolución. Non terán que presentarse os documentos xustificativos dos méritos alegados que xa fosen achegados polos solicitantes para completar o seu expediente persoal na aplicación informática, a través do enderezo <http://www.edu.xunta.gal/datospersoais>.

b) Modalidades de grupo: non hai que acreditar os méritos académicos, profesionais ou de calquera índole.

c) Modalidade 2: o anexo V debidamente cuberto.

3. Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes comezará o día da publicación desta resolución no portal educativo e rematará o día 22 de xullo de 2024, inclusive.

Sexto. *Comisión de selección*



1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Centros, ou persoa en que delegue.

Vogais:

- a persoa titular do Servizo de Programas de Formación,
- a persoa titular da Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa,
- a persoa titular da Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas,
- a persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo,
- a persoa titular da Subdirección Xeral de Cualificacións, Planificación e Xestión da Formación Profesional,
- a persoa titular da dirección do CAFI.

Secretaría: unha persoa funcionaria da Consellería, que actuará con voz e sen voto.

Os sindicatos integrantes da Mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión.

A comisión, para os efectos dun mellor coñecemento e unha mellor valoración das solicitudes, poderá realizar peticións de informes, a través da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, á Inspección educativa ou ás persoas especialistas da Consellería.

2. A comisión poderá dispor a constitución dunha subcomisión técnica especializada, só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos no baremo do anexo III. Ás



reunións desta subcomisión poderá asistir unha persoa representante de cada unha das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

3. Esta comisión estará incluída na categoría que corresponda para os efectos do previsto na Resolución do 24 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia (DOG do 1 de decembro de 2023).

Sétimo. Criterios de selección e puntuación provisional

1. A comisión de selección baremará as solicitudes presentadas de conformidade cos criterios establecidos nesta resolución.

En todas as modalidades é requisito alcanzar un mínimo do 60% no total, así como os requisitos específicos establecidos para cada modalidade no seu anexo correspondente.

No caso de ter gozado dunha licenza nalgunha das tres convocatorias anteriores, tamén é requisito contar coa cualificación de 'apto' no traballo desenvolvido.

2. En caso de empate, este dirimirase atendendo sucesivamente os seguintes criterios:

a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.

b) Maior puntuación no punto 2 do baremo.

c) Maior puntuación no punto 3 do baremo.

3. No caso de se produciren vacantes nalgunha das modalidades, poderán acumularse ás outras modalidades. En ningún caso poderá excederse o número total de meses establecido no anexo I.



4. A puntuación provisional obtida polas persoas candidatas farase pública no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/>), e abrirase un prazo de dez días hábiles para efectuar reclamacións ante a presidencia da comisión.

No mesmo prazo establecido no parágrafo anterior presentarase as posibles renuncias á concesión das licenzas, dirixidas á presidencia da mencionada comisión de selección.

Oitavo. *Resolución definitiva*

1. Logo de resoltas as reclamacións, a comisión de selección remitirá ao director xeral de Centros e Recursos Humanos a proposta de resolución da concesión de licenzas por formación, xunto coa acta ou as actas definitivas, nas cales se indicarán as valoracións outorgadas a cada persoa candidata, así como a relación final de persoas beneficiarias das licenzas. A resolución definitiva da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/>).

2. Unha vez resolta esta convocatoria, só se admitirán renuncias ás licenzas concedidas e modificacións no desenvolvemento do proxecto aprobado en casos excepcionais e libremente valorados pola Consellería.

As solicitudes de renuncia á licenza concedida ou de calquera modificación que se desexe introducir nelas deberán dirixirse, previamente e por escrito, á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. En ningún caso poderán introducirse modificacións nas licenzas sen a correspondente resolución de autorización da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





4. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás licenzas por formación especificadas nesta orde será de tres meses desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Noveno. *Período de desenvolvemento das licenzas*

O período de desenvolvemento para o exercicio das licenzas é o seguinte:

Modalidades 1 e 2:

Para as licenzas cunha duración de 1, 2 ou 3 meses escollerase dentro deste período de realización:

- Do 22 de setembro de 2024 ao 30 de xuño de 2025.
- Para aquelas persoas solicitantes de modalidade 2 que non contén coa acreditación da 'Formación para a creación de cursos en Platega', e para persoas solicitantes da submodalidade 2b que non contén con esa mesma formación e/ou a 'Formación e apoio aos cursos semipresenciais das EEOOI' o período de realización será do 1 de xaneiro de 2025 ao 30 de xuño de 2025.

Modalidade 3: entre o 15 de setembro e o 31 de outubro de 2024.

Modalidade 4:

- Períodos ininterrompidos de ata cinco meses: de setembro de 2024 a xaneiro de 2025, ou de febreiro a xuño de 2025.
- ou polo total do período de licenzas por formación, é dicir, do 1 de setembro de 2024 ao 30 de xuño de 2025.



Para todas as modalidades: no caso de todas as licenzas de grupo reguladas nesta convocatoria, todos os seus membros deben realizar a licenza no mesmo período.

Décimo. Obrigas das persoas beneficiarias

1. Nas diferentes modalidades unha persoa asesora das estruturas de formación do profesorado, do Servizo de Programación da Formación Profesional, do CIEDix (Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa) e/ou do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente, segundo as temáticas e modalidades, porase en contacto coas persoas beneficiarias co fin de lles transmitir as instrucións para a elaboración dos materiais.

Durante o período de duración da licenza, as persoas beneficiarias asumen a obriga de entregar os documentos precisos, para facilitar o labor de seguimento correspondente e de seguir, de ser o caso, as súas indicacións.

As modalidades 1.a.3 e 1.b.3 requirirán de sesións de traballo presencial que se desenvolverán, como mínimo, ao longo de dúas xornadas semanais durante o horario de funcionamento do CIEDix.

Así mesmo, na modalidade 3 as persoas beneficiarias deberán asistir, de ser o caso, ás actividades de formación ás que fosen convocadas desde o Servizo de Programación da Formación Profesional no ámbito do curso de especialización obxecto desta licenza.

2. As persoas beneficiarias das licenzas serán convocadas ás reunións presenciais que sexan necesarias, de carácter obrigatorio, para establecer as pautas de coordinación e indicacións xerais. As persoas beneficiarias serán responsables da corrección lingüística dos materiais entregados.

Establécense dous prazos de entrega dos materiais previstos e da documentación xustificativa do cumprimento dos obxectivos:





- Unha primeira entrega de material ao finalizar a primeira metade de duración da licenza. Debe ser unha parte do material en formato definitivo e listo para visualizar.
- Os produtos finais previstos no proxecto no prazo máximo de 10 días hábiles desde a finalización da licenza.

No caso de que no seguimento intermedio e entrega dos primeiros materiais non se cumplan os obxectivos previstos, a Comisión revogará a dita licenza.

Así mesmo, realizarase unha valoración final que lles será comunicada ás persoas beneficiarias. Esta valoración será de 'apto' ou 'non apto' en función de que a persoa beneficiaria cumprise ou non os obxectivos indicados no proxecto presentado xunto coa solicitude de licenza por formación. Así mesmo, poderase obter a valoración de 'non apto' se non se cumpre o compromiso de entregas recollido no proxecto. A valoración de 'non apto' impedirá a participación nas tres seguintes convocatorias de licenzas por formación.

A citada documentación enviarase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (Servizo de Programas de Formación), e constará dos seguintes elementos:

a) Para todas as modalidades, os seguintes elementos comúns:

a.1) Unha declaración responsable (de cada membro do equipo ou da persoa representante da entidade) de posuír, como responsables da autoría, plenos dereitos de divulgación e publicación, reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre a totalidade dos materiais presentados – incluídos sons, imaxes, vídeos, animacións, textos... que forman parte dos ODE, e de que estes non estean comercializados. A autoría deberá aparecer expresada na portada do traballo obxecto da licenza. No caso de actualización de materiais deberase facer constar tamén a autoría do material orixinal, indicando que se trata dunha obra derivada. Esta declaración deberá axustarse ao modelo recollido no anexo VII.





a.2) No caso de que se inclúan imaxes de persoas, en aplicación da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, achegaranse as correspondentes autorizacións, que no caso de menores de 14 anos corresponderanlles ás persoas proxenitoras ou responsables, en soporte impreso e electrónico (PDF), debidamente cubertas e asinadas, segundo o establecido no protocolo de protección de datos da Consellería.
https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf

a.3) Poderanse incluír outros materiais complementarios que os autores e as autoras consideren de interese.

a.4) As persoas beneficiarias deberán asinar un contrato de cesión de dereitos de explotación dos documentos de apoio ou referencia aportados nos materiais, non elaborados na propia licenza, aos que se refire o punto de 3 do artigo 15.

a.5) Os traballos e as investigacións que supoñan unha actuación en centros docentes ou noutras institucións públicas ou privadas xuntarán certificado de conformidade das respectivas direccións, co visto e prace da Inspección educativa ou autorización das persoas responsables das institucións, de ser o caso.

b) Elementos específicos para cada modalidade:

b.1) Para a modalidade 1:

b.1.1) Orixinal en soporte dixital dos materiais elaborados, en memoria USB debidamente etiquetada, empaquetado en zip e SCORM (para aquelas plataformas que o permitan) e listo para a súa visualización en navegador web. O material deberá seguir as recomendacións sobre creación e estrutura de contidos dixitais dispoñibles no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal/portal/ODEs.

Os recursos terán que incluír todas as páxinas e ficheiros necesarios para a correcta execución da súa interactividade deberán visualizarse correctamente nas últimas versións dos navegadores máis comúns sobre distintos sistemas operativos, libres e



propietarios. Deben funcionar sen necesidade de instalar ningún complemento específico ou navegador e deberán poder ser executados en local.

O arquivo comprimido zip de cada ODE creado terá un peso nunca superior a 500 Mb. Cada traballo pode ter os ODE que o autor ou autora considere necesarios para desenvolver o proxecto presentado.

No caso das ensinanzas de FP, os materiais elaborados entregaranse nun curso que se creará especificamente para esa finalidade nunha plataforma e-learning da Consellería, seguindo o formato e as instrucións que especifique o Servizo de Programación da Formación Profesional.

b.1.2) Unha guía didáctica en que se expoñan os obxectivos educativos pretendidos, os aspectos curriculares en que se incida, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñan e os recursos de avaliación, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo. Esta deberá poder ser visualizada en cada un dos ODE presentados. No caso das ensinanzas de FP non será necesario incorporar esta guía.

b.1.3) Un documento ou apartado de cita da autoría dos recursos multimedia incorporados, facendo referencia á súa licenza de uso e incorporando en cada un deles a ligazón ao repositorio no que está aloxado.

b.1.4) Un manual de uso (en formato PDF) en que se expliquen, cunha linguaxe axeitada para o nivel do alumnado, as pautas de utilización do material. Cando, por razóns especiais, non se estime necesario este documento, deberase razoar a decisión nun documento específico de igual título. No caso das ensinanzas de FP non será necesario incorporar este manual.

b.1.5) Nos casos nos que proceda, un documento (en formato PDF) en que se especifiquen os pasos a seguir para a instalación e os parámetros de configuración e execución da aplicación.



b.1.6) Para as modalidades 1.a.3 e 1.b.3 seguiranse as indicacións proporcionadas polo CIEDix segundo o tipo de material que se elabore.

b.2) Para a modalidade 2:

b.2.1) Curso completo en Moodle aloxado en Platega que responda ás directrices de creación de cursos facilitadas polo Departamento de Educación Dixital do CAFI (modalidade 2.a), e do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente (modalidade 2.b), de acordo co marco do modelo competencial da Rede de formación. O curso deberá incluír:

- A guía didáctica do curso en PDF.
- Os arquivos fonte de todos os materiais e documentos elaborados.
- Un documento ou apartado de cita da autoría dos recursos multimedia incorporados, facendo referencia á súa licenza de uso e incorporando e cada un deles a ligazón ao repositorio no que está aloxado.

b.2.2) No caso da modalidade 2b da elaboración de cursos para a impartición da modalidade semipresencial en réxime oficial nas escolas oficiais de idiomas, os materiais elaborados do curso completo en Moodle aloxado en Platega entregaranse como copia de seguridade sen datos de usuarios, e non excederá 1,75 Gb. Os materiais elaborados deberán poder ser transferidos sendo plenamente operativos ás aulas virtuais de webs dinámicas das escolas oficiais de idiomas correspondentes.

b.2.3) Nos casos en que proceda, orixinal editable en soporte dixital (memoria USB) dos materiais de elaboración propia que estean embebidos no curso e aloxados en servizos externos (Youtube, Slideshare, Issuu etc).

b.3) Para a modalidade 3:



Os materiais elaborados entregaranse nun curso que se creará especificamente para esa finalidade nunha plataforma e-learning da Consellería, seguindo o formato e as instrucións que especifique o Servizo de Programación da Formación Profesional.

b.4) Para a modalidade 4:

4a. Para licenzas por estudos académicos: presentación de certificación acreditativa de estar matriculado no curso para o que solicitaron a licenza, finalizando o prazo para a entrega desta documentación o 31 de outubro de 2024.

Finalizado o período de licenza por estudos, deberase presentar a acreditación de asistencia e cualificacións correspondentes aos cursos para os que se lle concedeu a licenza, no prazo dun mes.

4b. Para licenzas por proxectos ou actividades de investigación, esixirase un informe do desenvolvemento do proxecto á metade do período de licenza.

En todo caso, á finalización do período de licenza, e no prazo improrrogable dun mes, deberán presentar unha memoria global do traballo desenvolvido e os materiais elaborados.

Décimo primeiro. *Situación administrativa das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias dunha licenza por formación retribuída consideraranse, para todos os efectos, en situación de servizo activo, polo que durante o período do seu desenvolvemento percibirán as súas retribucións, tanto básicas como complementarias, íntegras.

2. Se unha persoa beneficiaria dunha licenza está de baixa médica durante o seu desenvolvemento deberá comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Esta baixa, en función da súa duración, poderá dar lugar a unha modificación da licenza ou, de ser o caso, a unha revogación dela cando quede acreditada a imposibilidade de continuar o traballo obxecto da licenza.



Décimo segundo. *Incompatibilidades*

1. A concesión de licenzas é incompatible coa participación ou coordinación, no período comprendido entre o 15 de setembro de 2024 e o 30 de xuño de 2025, en programas europeos, estadias formativas en empresas e actividades formativas no estranxeiro ofrecidas á marxe desta convocatoria.

2. Esta concesión tamén é incompatible coa realización de calquera outra actividade remunerada pública ou privada, sempre que coincida co período do seu desenvolvemento.

3. A persoa solicitante que obteña praza en calquera das convocatorias indicadas no puntos 1 e 2 deberá notificalo con carácter urgente e por escrito á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Décimo terceiro. *Responsabilidades por incumprimento*

O incumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á revogación da licenza ou á incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co establecido no título IX (Régime disciplinario) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Décimo cuarto. *Seguimento*

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos o Servizo de Programación de FP, o Servizo de Aprendizaxe Permanente e Régime Especial e o CIEDix efectuarán o axeitado seguimento e control dos traballos que se realicen durante o período da licenza, polo que poderán solicitar, directamente, a través de entrevista ou por medio da Inspección educativa, información sobre o traballo realizado e sobre o que quede pendente. O incumprimento do recollido no proxecto inicial poderá dar lugar á revogación da licenza por formación.

Décimo quinto. *Requisitos, características e propiedade dos materiais*



1. Con independencia do recoñecemento da súa autoría, os materiais realizados serán propiedade da Consellería, que reserva para si o dereito de reprodución, distribución e comunicación pública, e poderaos distribuír baixo unha licenza Creative Commons *BY-SA "recoñecemento"- "compartir igual"*. No caso de que o desenvolvemento do proxecto de elaboración esixa o uso de materiais publicados baixo licenzas máis restritivas (BY-NC-SA), considerarase excepcionalmente a posibilidade de licenciar o produto final coa licenza correspondente.
2. Os autores e as autoras, para poderen difundir pola súa conta os devanditos traballos, farán constar na correspondente difusión que o traballo foi realizado durante unha licenza organizada pola Consellería.
3. No caso de incluír nos materiais didácticos recursos multimedia ou documentos de apoio ou referencia, os autores e as autoras deberán asegurarse de que estes estean suxeitos aos mesmos termos da licenza dos materiais elaborados, ou ben obter un contrato explícito de cesión de dereitos de explotación para tal finalidade.
4. Así mesmo, teranse en conta para a súa creación os principios de accesibilidade e inclusión recollidos na área 5 do Marco de Referencia da Competencia Dixital Docente da Resolución do 4 de maio de 2022, presentes nos principios do deseño universal para a aprendizaxe (DUA).
5. Os materiais deberán ser de autoría propia e inéditos, porén poidan contar con recursos concretos incrustados procedentes doutras autorías, sempre e cando se utilicen respectando as normas de recoñecemento e compartición CC e teñen unha función ilustrativa ou de relevancia menor no conxunto da obra.
6. Para as modalidades 1 e 2 os materiais curriculares dixitais deberán cumprir cos criterios de calidade da norma UNE 71362:2020 para materiais e recursos educativos dixitais. Os materiais deberanse adaptar a calquera tipo de dispositivo, incluídos os móbiles, e permitir a visualización nos principais navegadores web (compatibles con HTML5). Tanto nos arquivos de entrega como nos nomes dos arquivos de recursos que



se utilizan para elaborar o material ou que se vinculan dentro del (é dicir, en toda a estrutura de navegación) é importante non usar espazos, eñes, acentos nin caracteres especiais.

Décimo sexto. *Réxime dos recursos*

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sétimo. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter información a través dos seguintes medios: a) Na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/>

b) Nos teléfonos:

- 881 99 76 35. Cuestións administrativas e modalidade 4
- 981 52 24 11 (CAFI). Modalidades 1.a.1, 1.b.1, 2a
- 981 54 02 08 (FP). Modalidade 1.a.2, 1.b.2 e 3
- 881 99 78 22 (CIEDix). Modalidades 1.a.3 e 1.b.3
- 881 99 70 21. (Ensinanzas de Réxime Especial). Modalidade 2b



c) No enderezo electrónico: licenzas.fprofe@edu.xunta.gal

Disposición adicional primeira. *Adxudicación doutras prazas de formación*

Cando do marco das accións de colaboración, promoción e cooperación establecidas entre a Consellería e outras institucións ou entidades derive unha oferta de accións formativas para o profesorado, estas poderán adxudicarse, de ser o caso, dentro da cota de prazas ofertadas nesta resolución, en atención á modalidade retribuída que por analogía lles corresponda.

Disposición adicional segunda. *Información básica sobre protección de datos persoais*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

3. As persoas beneficiarias das licenzas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos, ou á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/>).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital,

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Director xeral de Centros e Recursos Humanos





ANEXO I

DISTRIBUCIÓN DAS LICENZAS POR FORMACIÓN POR MESES SEGUNDO AS
MODALIDADES

Modalidades retribuídas	Meses
1.a Proxectos individuais para a elaboración ou actualización de materiais curriculares dixitais.	130
1.b. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais.	170
2. Proxectos individuais ou en grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado ou semipresenciais para EEOOI.	130
3. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais para os cursos de especialización das ensinanzas de FP.	70
Total	500





ANEXO III

BAREMO

Méritos	Puntuación desagregada	Total puntos máximo	Documentos
1. Proxecto de traballo. Será necesario alcanzar un mínimo de 12 puntos.		20	O solicitado no anexo IV para cada modalidade.
2. Méritos docentes.		10	
2.1. Servizos docentes. Por cada ano de servizos na función pública docente (non se computarán os esixidos como requisito).	1 punto por ano completo		
3. Actividades de formación permanente do profesorado organizadas ou homologadas polas administracións educativas.		6	Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas (só no caso de que non figuren no expediente persoal).
3.1. Docencia en actividades de formación do profesorado. Nota: para titores e titoras de prácticas de mestres e mestras,	Por cada dez horas: 0,10 puntos	3	





do ICE e das universidades (prácticas de psicopedagogía ou similar) puntuarase 0,15 puntos por cada ano.			
3.2. Coordinación e/ou asistencia a actividades de formación do profesorado.	Por cada dez horas: 0,10 puntos	3	
4. Méritos académicos non esixidos para o ingreso no corpo.		4	Fotocopias compulsadas de títulos ou certificación de estudos, de ser o caso (só no caso de que non figuren no expediente persoal e non se opte por autorizar a Administración para que os consulte).
4.1. Título de doutoramento.	1,50 puntos		
4.2. Licenciatura ou grao.	1 punto		
4.3. Diplomatura ou equivalente.	0,5 puntos		
4.4. Por cada ciclo formativo de grao superior ou grao de ensinanza de réxime especial ou de grao superior de FP.	0,25 puntos		
4.5. Outros estudos de posgrao: diploma de estudos avanzados (DEA) ou equivalente, títulos propios da universidade, mestrados, etc.).	0,25 puntos		





ANEXO IV

ESQUEMA DOS CONTIDOS DOS PROXECTOS

Modalidade 1 . *Proxectos individuais ou grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria ESO, bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.*

1. Modalidades 1.a.1, 1.a.3, 1.b.1, 1.b.3. Para todas as ensinanzas agás das de FP e presentárase unha proposta sobre o traballo que se vaia realizar durante o período da licenza, nun documento en PDF cunha extensión máxima de 6.000 palabras. No caso de tratarse de secuencias didácticas completas ou ODE en relación cos novos currículos.

A proposta constará dos seguintes apartados:

a) Portada co título do proxecto, o nome e apelidos da persoa ou persoas solicitantes e a materia/s, área/s ou ámbito/s e nivel aos que vai dirixida a proposta.

b) Índice detallado das partes do proxecto.

c) Descrición do proxecto:

i) Breve descrición e xustificación do proxecto en relación a/ás materia/s, área/s, módulo/s ou ámbito/s e nivel ao/s que vai dirixido.

ii) Número de secuencias didácticas completas ou ODE para elaborar.

iii) Obxectivos do recurso.

iv) Contidos traballados e secuencia destes.

v) Descrición e xustificación das competencias clave que se van traballar.

vi) Metodoloxía de aplicación.





vii) Medidas concretas de atención á diversidade.

viii) Avaliación do alumnado, da proposta educativa e do seu desenvolvemento na aula (criterios, instrumentos...).

d) Soporte e ferramentas que se utilizarán para a elaboración do material e xustificación do seu uso en relación coa proposta.

e) Cronograma da realización do proxecto, con especificación do contido que se achegará na entrega parcial, e especificación do trimestre e curso académico no que se implementará na aula.

f) Descrición do material dixital de exemplo que se presenta xunto co proxecto e que debe constituír, cando menos, un ODE completo.

f.1) Para as modalidades 1.a.3 e 1.b.3 os recursos e espazos dispoñibles no CIEDix son:

Espazos:

- Zonas Maker/STEAM
- Equipamento de produción audiovisual profesional

Medios:

- Impresión 3D
- Corte láser
- Control numérico
- Escaneado 3D
- Robótica
- Simuladores
- Realidade virtual
- Drons
- Aparellos de medida e control
- Kits de electrónica
- Ferramentas varias





- Materiais funxibles
- Medios de proxección interactivos
- Soporte informático
- Software específico

2. Modalidades 1.a.2, 1.b.2. Para as ensinanzas de FP presentarase unha proposta sobre as actividades, expresadas en horas que se vaian realizar durante o período da licenza, nun documento en PDF cunha extensión máxima de 8.000 palabras, onde se fará constar:

a) Portada co formato do anexo VIII

b) Breve descrición do contido do proxecto.

c) Unidades didácticas e actividades:

1º. Proposta de relación e secuencia de todas as unidades didácticas do módulo profesional coa súa duración total, en horas, e unha breve descrición, indicando de cales delas se van elaborar materiais.

2º. De cada unha das unidades didácticas escollidas para desenvolver os materiais curriculares dixitais deberá especificarse o nome e unha breve descrición das actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación que se vaian realizar.

3º. Para cada actividade incluírase a duración, en horas, e a asignación dos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación que se tratarán en cada unha delas.

e) Cronograma coa planificación e temporalización das diferentes fases de execución do proxecto.

Modalidade 2. Proxectos individuais ou en grupos de dous a tres membros para a creación ou a remodelación de cursos non presenciais para a formación do profesorado dentro do modelo competencial da Rede de formación e/ou do marco de referencia da competencia



dixital docente, ou cursos semipresenciais para a impartición de diferentes niveis e linguas nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

1. Modalidade 2a. Presentarase unha proposta do curso a distancia que se vaia crear durante o período da licenza nun documento en PDF, cunha extensión máxima de 6.000 palabras no que se fará constar:

- a) Portada co título do curso e nome e apelidos da persoa ou persoas solicitantes.
- b) Temática do curso, perfil do profesorado destinatario e horas de duración.
- c) Xustificación da proposta: transferencia que o profesorado fará ás aulas das aprendizaxes adquiridas e impacto que se agarda que isto provoque no seu alumnado.
- d) Competencias e subcompetencias profesionais docentes (dúas como máximo) e/ou áreas, competencias e niveis do MRCDD que se tratarán, e xustificación destas.
- e) Obxectivos competenciais do curso.
- f) Deseño do curso que recolla, en cada un dos módulos, a descrición, desempeños, tarefas, contidos e espazos de interacción.
- g) Descrición do proxecto integrador ou final.
- h) Formas de organización social e estratexias para a titorización e dinamización.
- i) Procedementos e ferramentas de seguimento e avaliación.
- j) Xustificación das ferramentas de Moodle a utilizar e, de ser o caso, das ferramentas ou aplicacións externas a Moodle.
- k) Cronograma da organización e realización do proxecto con especificación das entregas parciais temporalizadas.



l) Descrición detallada de todos os elementos do módulo que se desenvolverá como exemplo na maqueta do curso e ligazón a esta.

2. Modalidade 2b. Para os cursos da modalidade semipresencial en réxime oficial nas escolas oficiais de idiomas.

a) Portada co título do proxecto, o nome e apelidos da persoa ou persoas solicitantes, curso e idioma ao que vai dirixida a proposta.

b) Índice detallado das partes do proxecto.

c) Descrición do proxecto:

i. Breve descrición e xustificación do proxecto en relación ao curso e idioma ao que vai dirixido.

ii. Número de módulos didácticos completos a elaborar.

iii. Obxectivos do recurso.

iv. Contidos traballados e secuencia destes.

v. Metodoloxía de aplicación. Estratexias de integración das fases virtual e presencial.

vi. Medidas concretas de atención á diversidade.

vii. Avaliación do alumnado, da proposta educativa e do seu desenvolvemento na aula (criterios, instrumentos...).

d) Ferramentas que se utilizarán para a elaboración do material e xustificación do seu uso en relación coa proposta.

e) Cronograma da realización do proxecto, con especificación do contido que se achegará na entrega parcial.





f) Descrición do material dixital de exemplo que se presenta xunto co proxecto e que debe constituír, cando menos, un módulo completo que deberá seguir a seguinte estrutura:

1. Obxectivos competenciais do módulo.
2. Folla de ruta.
3. Foro de dúbidas
4. Actividades de aprendizaxe (descubre e aprende)
5. Actividades de comunicación (comunicar e compartir)
6. Actividades de avaliación (traballar e avaliar)
7. Actividades de atención á diversidade (fortalecer e ampliar)
8. Propostas de integración da fase virtual e a presencial

Modalidade 3. *Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares para os cursos de especialización das ensinanzas de FP.*

Presentarase unha proposta sobre as actividades, expresadas en horas, que se vaian realizar durante o período da licenza, nun documento en PDF cunha extensión máxima de 8.000 palabras, onde se fará constar:

a) Portada co formato do anexo VIII

b) Breve descrición do contido do proxecto.

c) Unidades didácticas e actividades:

1º. Proposta de relación e secuencia de todas as unidades didácticas do módulo profesional coa súa duración total, en horas, e unha breve descrición, indicando de cales delas se van elaborar materiais.





2º. De cada unha das unidades didácticas escollidas para desenvolver os materiais curriculares dixitais deberá especificarse o nome e unha breve descrición das actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación que se vaian realizar.

3º. Para cada actividade incluírase a duración, en horas, e a asignación dos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación que se tratarán en cada unha delas.

e) Cronograma coa planificación e temporalización das diferentes fases de execución do proxecto.

Modalidade 4. *Licenzas non retribuídas*

4a. Estudos de carácter académico:

- Título de estudos académicos (grao, máster ou equivalente e doutoramento)
- Centro no que proxecta realizar os estudos (nome, domicilio, localidade, provincia, país e teléfono).
- Plan de estudos: curso, materias e créditos que proxecta realizar.

4b. Proxectos ou actividades de investigación

- Título do proxecto
- Obxectivos.
- Xustificación.
- Metodoloxía e plan de traballo.
- Resultados e previsión de aplicación práctica no marco do ámbito escolar.





ANEXO V

COMPROMISO DE PILOTAXE E TITORIZACIÓN DE CURSOS NON PRESENCIAIS

Modalidade 2

De ser seleccionado/a nesta convocatoria, eu (nome e apelidos) _____ con NIF _____, comprométome, de ser o caso, a realizar a pilotaxe previa e a asumir a titorización da primeira edición do curso non presencial elaborado durante a licenza por formación, na súa modalidade 2 'Creación de cursos non presenciais'.

Lugar e data _____, ___ de _____ de 202_





ANEXO VI

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Poderase obter ata un máximo de 20 puntos.

É requisito alcanzar, como mínimo, o 50% da puntuación de cada criterio e un mínimo do 60% do total para poder optar a unha licenza de formación en todas as modalidades.

Modalidade 1.a.1 e 1.b.1. Para todas as ensinanzas diferentes ás de FP

CRITERIO	Puntuación máxima
a) Coherencia e xustificación do proxecto: adecuación e concreción do proxecto respecto do currículo de referencia.	3
b) Proposta metodolóxica e de implementación do recurso na aula: orientacións metodolóxicas, medidas para a atención á diversidade, promoción da coeducación e avaliación do alumnado.	4
c) Pertinencia e aproveitamento do soporte e outras ferramentas escollidas para a elaboración do material: xustificación da/s ferramenta/s escollida/s. Tipoloxía e interactividade da/s actividades e recursos proposto/s.	4
d) Adequación do cronograma: xustificación da duración do proxecto presentado, cronograma de entregas e calendario de implementación.	2
e) Calidade do exemplo desenvolvido en relación ao proxecto e aos requirimentos da convocatoria: coherencia entre o exemplo	4





desenvolvido e o proxecto presentando. Orixinalidade e funcionalidade.	
f) Pertinencia da proposta e carácter innovador: prioridade do contido e e carácter innovador da proposta con respecto aos recursos do Repositorio Abalar.	3

Modalidade 1.a.2, 1.b.2. Para as ensinanzas de FP

CRITERIO	Puntuación máxima
1) Contido e calidade do proxecto, segundo o anexo IV desta resolución	12
2) Pertinencia da proposta: 8 puntos desagregados nos seguintes apartados.	
2.a) A elaboración ou adaptación de unidades didácticas que superen o número de horas mínimo establecido como requisito, 0,1 puntos por cada hora adicional.	2
2.b) A elaboración ou adaptación de materiais nunha ou máis linguas estranxeiras.	2
2.c) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais de módulos profesionais que se oferten na modalidade semipresencial ou a distancia para o curso 2024/25. Poden consultarse na seguinte ligazón https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/10740	1
2.d) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais que	1





permitan completar os materiais dalgún dos módulos do anexo IX.	
2.e) Adecuación do cronograma: xustificación da duración do proxecto presentado, cronograma de entregas e calendario de implementación.	2

Modalidade 1.a.3, 1.b.3. Para as licenzas no CIEDix

CRITERIO	Puntuación máxima
a) Coherencia e xustificación do proxecto: adecuación e concreción do proxecto respecto do currículo de referencia.	4
b) Proposta metodolóxica e de implementación do recurso na aula: orientacións metodolóxicas, medidas para a atención á diversidade, promoción da coeducación e avaliación do alumnado.	4
c) Pertinencia e aproveitamento do soporte e outras ferramentas escollidas para a elaboración do material: xustificación da/s ferramenta/s escollida/s. Tipoloxía e interactividade da/s actividades e recursos proposto/s.	4
d) Adecuación do cronograma: xustificación da duración do proxecto presentado, cronograma de entregas e calendario de implementación.	3
e) Pertinencia da proposta e carácter innovador: prioridade do contido e e carácter innovador da proposta con respecto aos recursos do Repositorio e Espazo Abalar.	5





Modalidade 2

CRITERIO	Puntuación máxima
a) Coherencia e xustificación do proxecto.	6
b) Aspectos metodolóxicos: titorización, dinamización, seguimento e avaliación.	4
c) Aproveitamento do espazo virtual de aprendizaxe e outras ferramentas que se van empregar.	2
d) Adecuación do cronograma.	1
e) Calidade do exemplo desenvolvido en relación ao proxecto e aos requirimentos da convocatoria.	4
f) Pertinencia da proposta en relación ás necesidades da oferta formativa e ás temáticas preferentes.	3

Modalidade 3

CRITERIO	Puntuación máxima
1) Contido e calidade do proxecto, segundo o anexo IV desta resolución	12





2) Pertinencia da proposta: 8 puntos desagregados nos seguintes apartados.	
2.a) A elaboración ou adaptación de unidades didácticas que superen o número de horas mínimo establecido como requisito, 0,1 puntos por cada hora adicional.	2
2.b) A elaboración ou adaptación de materiais nunha ou máis linguas estranxeiras.	2
2.c) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais de módulos profesionais que se oferten na modalidade semipresencial ou a distancia para o curso 2024/25. Poden consultarse na seguinte ligazón https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/10740	1
2.d) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais que permitan completar os materiais dalgún dos módulos do anexo IX.	1
2.e) Adecuación do cronograma: xustificación da duración do proxecto presentado, cronograma de entregas e calendario de implementación.	2





ANEXO VII

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Eu _____
con DNI _____ docente en activo con destino en _____

Declaro responsablemente:

Que posúo, como autor/a do recurso educativo _____
_____ plenos dereitos sobre o material achegado
por ser da miña autoría.

No caso do material non orixinal meu utilizado suxeito a licenzas libres que permiten a
súa utilización contan co recoñecemento expreso do autor/a e da licenza orixinal no
recurso educativo.

No caso de todo o material empregado suxeito a copyright achego a autorización
expresa segundo o modelo facilitado pola Consellería para a súa inclusión neste recurso
educativo baixo licenza Creative Commons *BY-SA*, recoñecemento e compartir igual.

Mediante esta declaración, sen prexuízo do dereito irrenunciable de autoría,
corresponden á Consellería plenos dereitos non exclusivos de explotación, difusión,
comunicación, reprodución, publicación e divulgación mediante unha licenza libre
Creative Commons *BY-SA*, recoñecemento e compartir igual ou *BY-NC-SA*, se o
proxecto inclúe materiais publicados mediante esa licenza e así o autoriza
excepcionalmente a persoa coordinadora no CAFI.

E, para que así conste, asino esta declaración.

Lugar e data _____, _____, de _____ de 202_

Sinatura da persoa declarante





ANEXO VIII

PORTADA DO PROXECTO
LICENZAS POR FORMACIÓN. MODALIDADES DE FP
CONVOCATORIA 2024/25

DATOS PARA TRABALLAR NA LICENZA	
Código e nome do módulo	
Código e nome do ciclo/CE	
Outros ciclos/CE relacionados (se os hai)	
Horas (60')	_____ horas dun total de _____ horas
Idioma/s	
Unidades didácticas	_____ UD dun total de _____ UD

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES (Repetir táboa para cada solicitante)	
Nome completo	
Correo EDU	
Teléfono móbil	
Especialidade (código e nome)	
Centro destino actual	



ANEXO IX

RELACIÓN DE MÓDULOS PREFERENTES PARA A ELABORACIÓN DE MATERIAIS.

1. Materiais de convocatorias anteriores de licenzas.

RELACIÓN DE MATERIAIS SEN COMPLETAR E DISTRIBUCIÓN EN UDS						UD01		UD02		UD03		UD04		UD05		UD06		UD07		UD08		UD09		UD10		UD11		UD12	
Código do módulo	Idioma	Módulo	Horas	Horas elaboradas	% Elaborado	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT
MP5025	GAL	Hacking ético	120	20	17%	3	PTE	7	PTE	12,5	PTE	12,5	PTE	5	PTE	12,5	PTE	12,5	PTE	19	PTE	4	PTE	20	2023	5	PTE	7	PTE
MP5075	GAL	Big data aplicado	136	82	60%	42	2023	40	2023	17	PTE	37	PTE																
MP0615	ING	Diseño de interfaces web	157	68	43%	14	2023	54	2023	45	PTE	30	PTE	14	PTE														
MP0105	ESP	Promoción da saúde	157	104	66%	21	2023	27	2023	27	2023	29	2023	28	PTE	25	PTE												
MP0165	GAL	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental	105	45	43%	20	2023	25	2023	30	PTE	15	PTE	15	PTE														
MP1182	GAL	Deseño de imaxe integral	158	25	16%	25	2023	20	PTE	35	PTE	33	PTE	30	PTE	15	PTE												
MP0814	GAL	Xestión de montes	157	40	25%	40	2023	37	PTE	25	PTE	21	PTE	21	PTE	13	PTE												
MP0361	GAL	Infraestruturas de redes de datos e sistemas de telefonía	174	70	40%	20	PTE	20	PTE	20	PTE	20	PTE	10	PTE	70	2023	10	PTE	4	PTE								
MP0902	GAL	Planificación da realización en cine e vídeo	160	45	28%	45	2023	30	PTE	25	PTE	30	PTE	30	PTE														
MP0373	GAL	Linguaxes de marcas e sistema de xestión de	133	60	45%	25	2023	25	2023	10	2023	21	PTE	21	PTE	21	PTE	10	PTE										



RELACIÓN DE MATERIAIS SEN COMPLETAR E DISTRIBUCIÓN EN UDS						UD01		UD02		UD03		UD04		UD05		UD06		UD07		UD08		UD09		UD10		UD11		UD12	
Código do módulo	Idioma	Módulo	Horas	Horas elaboradas	% Elaborado	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT	H	MAT
		información																											
MP1301	GAL	Preparación de sesións de vídeo disc-jockey	187	70	37%	40	2023	30	2023	30	PTE	30	PTE	57	PTE														
MP0614	GAL_ING	Despregamento de aplicacións web	88	55	63%	17	2023	21	2023	17	2023	13	PTE	8	PTE	12	PTE												
MP0910	GAL	Medios técnicos audiovisuais e escénicos	187	125	67%	30	2023	40	PTE	30	2023	25	2023	20	2023	22	PTE	20	2023										
MP0826	GAL	Medios de pagamento internacionais	87	40	46%	10	PTE	10	PTE	10	PTE	10	PTE	25	2023	15	2023	7	PTE										
MP1007	GAL	Deseño e elaboración de material de comunicación	141	44	31%	12	PTE	16	PTE	10	PTE	33	PTE	18	2023	26	2023	16	PTE	10	PTE								
MP0224	ING	Sistemas operativos en rede	157	32	20%	10	2023	22	2023	20	PTE	18	PTE	22	PTE	12	PTE	18	PTE	17	PTE	18	PTE						
MP0017	GAL	Habilidades sociais	123	40	33%	40	2023	30	PTE	30	PTE	13	PTE	10	PTE														
MP0370	GAL	Planificación e administración de redes	213	69	32%	10	PTE	12	PTE	19	PTE	29	PTE	29	2023	27	PTE	11	PTE	17	2023	23	2023	17	PTE	19	PTE		
MP0232	GAL	Automatismos industriais	213	90	42%	20	PTE	10	PTE	45	2023	45	2023	2	PTE	2	PTE	3	PTE	30	PTE	49	PTE	2	PTE	2	PTE	3	PTE
MP0910	ING	Medios técnicos audiovisuais e escénicos	187	80	43%	30	2023	40	PTE	30	2023	25	PTE	20	PTE	22	PTE	20	2023										
MP1228	POR	Técnicas de almacén	123	93	76%	10	2023	20	2023	20	2023	23	2023	20	2023	20	PTE	10	PTE										

Observacións:

- Na táboa anterior indícanse os módulos profesionais con unidades didácticas (UD) pendentes de elaborar (PTE).
- A duración indícase en horas. A distribución das unidades didácticas está referenciada nas programacións elaboradas para ese módulo en convocatorias anteriores de licenzas.
- No caso de presentar un proxecto para completar os módulos anteriores, é importante ter en conta a distribución de horas da táboa e consultar as programacións xa elaboradas.



- Para a consulta, pódese acceder ao Banco de Recursos onde estará dispoñible o material elaborado nas licenzas anteriores. A busca do material concreto realizarase polo código "ANO_CF/CE_MP". Por exemplo, "2023_CF_MP0615", sendo "CF" ciclo formativo e "CE" cursos de especialización.
- En cada unidade didáctica a columna "MAT" indica o ano de elaboración dese material.
- Ligazón ao material elaborado: <https://www.edu.xunta.gal/centros/bancorecursosfp/aulavirtual/course/index.php?categoryid=208>

2. Módulos preferentes para elaborar ou adaptar materiais.

Código do módulo	Módulo profesional
MP1665	Dixitalización aplicada aos sectores produtivos
MP1708	Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo
MP3159	Itinerario persoal para a empregabilidade
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I
MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II
MP0156	Inglés profesional (GM)
MP0179	Inglés profesional (GS)
MP0343	Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación
MP1111	Metodoloxía da integración social das persoas con dificultades de comunicación, linguaxe e fala
MP1112	Sensibilización social e participación
MP1113	Intervención socioeducativa con persoas xordocegas
MP1114	Contexto da mediación comunicativa con persoas xordocegas
MP1115	Lingua de signos
MP1116	Ámbitos de aplicación da lingua de signos
MP1117	Intervención con persoas con dificultades de comunicación
MP1118	Técnicas de intervención comunicativa
MP1515	Xestión de pacientes
MP1516	Terminoloxía clínica e patoloxía
MP1517	Extracción de diagnósticos e procedementos
MP1518	Arquivamento e documentación sanitarios
MP1519	Sistemas de información e clasificación sanitarios
MP1520	Codificación sanitaria
MP1521	Atención psicosocial a pacientes e persoas usuarias
MP1522	Validación e explotación de datos
MP1523	Xestión administrativa sanitaria
CS0598	Emerxencias
CS0595	Prevenção de riscos derivados da organización e a carga de traballo
CS0593	Riscos físicos ambientais



Código do módulo	Módulo profesional
CS0596	Tecnoloxías da información e a comunicación na empresa
CS0597	Xestión da prevención
CS0592	Riscos derivados das condicións de seguridade
CS0594	Riscos químicos e biolóxicos ambientais
MP1402	Prevención da violencia de xénero
MP1405	Participación social das mulleres
MP1406	Intervención socioeducativa para a igualdade
MP1181	Asesoría cosmética
MP1184	Asesoría de peiteado
MP1187	Asesoría estética
MP1183	Estilismo en vestiario e complementos
MP1188	Habilidades comunicativas
MP1182	Deseño de imaxe integral
MP1071	Dirección e comercialización
MP1189	Imaxe corporativa
MP1185	Protocolo e organización de eventos
MP1186	Usos sociais
MP0053	Loxística sanitaria en emerxencias
MP0054	Dotación sanitaria
MP0055	Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia
MP0056	Atención sanitaria especial en situacións de emerxencia
MP0057	Evacuación e traslado de pacientes
MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas
MP0099	Disposición e venda de produtos
MP0100	Oficina de farmacia
MP0101	Dispensación de produtos farmacéuticos
MP0102	Dispensación de produtos parafarmacéuticos
MP0103	Operacións básicas de laboratorio
MP0104	Formulación maxistral
MP0105	Promoción da saúde
MP1401	Información e comunicación con perspectiva de xénero
MP1402	Prevención da violencia de xénero
MP1403	Promoción do emprego feminino
MP1404	Ámbitos de intervención para a promoción da igualdade
MP1405	Participación social das mulleres
MP1406	Intervención socioeducativa para a igualdade



Código do módulo	Módulo profesional
MP1369	Bioloxía molecular e citoxenética
MP1370	Fisiopatoloxía xeral
MP1368	Técnicas xerais de laboratorio
MP1367	Xestión de mostras biolóxicas
MP1371	Análise bioquímica
MP1373	Microbioloxía clínica
MP1374	Técnicas de análise hematolóxica
MP1372	Técnicas de inmunodiagnóstico
MP1382	Citoloxía xeral
MP1381	Citoloxía xinecolóxica
MP1379	Necropsias
MP1380	Procesamento citolóxico e tisular
MP0731	Estudo da cavidade oral
MP0732	Exploración da cavidade oral
MP0733	Intervención bucodental
MP0730	Recepción e loxística na clínica dental
MP0736	Conservadora, periodoncia, cirurxía e implantes
MP0735	Educación para a saúde oral
MP0734	Epidemioloxía en saúde oral
MP0737	Prótese e ortodoncia
MP5049	Deseño gráfico 2D e 3D
MP5052	Deseño, xestión, publicación e produción
MP5048	Programación e motores de videoxogos
MP5050	Programación en rede e intelixencia artificial
MP5051	Realidade virtual e realidade aumentada
MP5088	Configuración e programación
MP5087	Robótica colaborativa
MP5089	Robots móbiles autónomos
MP5090	Seguridade e mantemento
MP5110	Estratexia dixital básica
MP5111	Xestión do posicionamento e a comunicación online
MP5112	Posicionamento orgánico en buscadores (SEO)
MP5113	Posicionamento de pago en buscadores (SEM)
MP5114	Comunicación en redes sociais
MP5123	Estratexia de contidos dixitais
MP5124	Redacción de contidos dixitais



Código do módulo	Módulo profesional
MP5114	Comunicación en redes sociais

